



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O CONCELLO DE ARES PARA O ACCESO AO FONDO DE COOPERACIÓN PARA O APOIO AO FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN E CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO CONSTRUÍDO EN CONCELLOS DE MENOS DE 50.000 HABITANTES.

O Instituto Galego de Vivenda e Solo (en adiante, IGVS) é o organismo autónomo adscrito á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas encargado de realizar a política de vivenda e solo da Xunta de Galicia, co fin de garantir os dereitos constitucionais a unha vivenda digna e adecuada, segundo dispón o artigo 3 da Lei 3/1988, do 27 de abril de creación do IGVS, e pode, para o cumprimento destes fins, establecer convenios con entes públicos ou privados.

Por outra parte, desde o IGVS considérase conveniente facilitar a participación dos concellos nas intervencións públicas en materia de rehabilitación e rexeneración urbanas, de tal xeito que poidan acometer actuacións de recuperación e posta en valor do patrimonio construído, co obxecto de recuperar ámbitos en estado deficiente de conservación, como medida de protección do patrimonio cultural e arquitectónico, do ambiente, da paisaxe e do territorio, en prol de mellorar a calidade de vida dos cidadáns, facilitando que poidan dispor dunha vivenda digna e adecuada.

Para os efectos sinalados, formalizouse co Concello de Ares, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o ano 2026 ata o ano 2033.

O convenio ten por obxecto definir os termos da colaboración e os compromisos mutuos das partes asinantes, de cara ao financiamento con cargo ao Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes da seguinte actuación: "Proyecto básico y de ejecución de pintura exterior de la rectoral de Ares".





O dito proxecto ten como obxectivos:

Nos últimos anos, o edificio, en mal estado, abandonou a súa función de vivenda do cura párroco de Ares e o tempo non fixo máis que contribuír á degradación progresiva do mesmo polo que é necesario pintar todo o exterior das fachadas do edificio.

A rectoral de Ares, é un edificio incluído no catálogo de bens protexidos por patrimonio.

O IGVS achegará un importe de 19.695,15 euros, que será satisfeito con cargo á aplicación orzamentaria dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2025:

Órgano administrativo/entidade	Aplicación orzamentaria	Importe
Instituto Galego da Vivenda e Solo	11.81.451A.821.60	19.695,15 euros

O Concello de Ares comprométese a repoñer a cantidade percibida con cargo ao Fondo de cooperación no prazo de 8 anos, contados desde o día seguinte ao da data de formalización do presente convenio, mediante o ingreso dos seguintes importes.

Anualidade 2026: 2.461,89 €

Anualidade 2027: 2.461,89 €

Anualidade 2028: 2.461,89 €

Anualidade 2029: 2.461,89 €

Anualidade 2030: 2.461,89 €

Anualidade 2031: 2.461,89 €

Anualidade 2032: 2.461,89 €

Anualidade 2033: 2.461,92 €





Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela,
A directora técnica de Axudas á Vivenda

Beatriz Villaverde Piñeiro
(Documento asinado electronicamente)

